



Actualización de seguridade (16 feb 2017)

1ª e 2ª PROBAS, XXVI LIGA GALEGA ORIENTACIÓN A PÉ 2017 (+ PROBA DIVULGATIVA DE ORIENTACIÓN DE PRECISIÓN)

VI TROFEO DE ARTEIXO 2017 - III MEMORIAL PATXI ARUFE

SÁBADO 18/02/2017 – ARTEIXO (A Coruña)

Recomendacións e instrucións de seguridade

As normas de seguridade contidas no [boletín 1](#) seguen [estando en vigor en todos os seus extremos e son de obrigado cumprimento](#). A maiores, trala última avaliación de seguridade efectuada sobre o terreo no día de hoxe, emítense as seguintes recomendacións e advertencias:

1. Vista a previsión meteorolóxica de chuvia durante a noite previa, e o probable orballo durante o día, o chan podería estar máis esvaradío do previsto; así, **recoméndase o uso de calzado con bo agarre e tacos** (porén, deben evitarse os tacos metálicos debido á abundancia de zonas rochosas na carreira de distancia media e ao asfalto no sprint). Ademais do indicado no boletín 1, advírtese que as zonas de céspede da carreira sprint poden resultar **escorrentes** co uso de calzado de *running* convencional.
2. Na carreira sprint, os percorridos “altos” (21, 35, 40, E, ...) transitarán por algunha zona moi puntual de ortigas e silvas, co cal convén usar, senón polainas, cando menos pantalón longo. Estas zonas coinciden con terreo baixo con tendencia a asolagarse.
3. Tamén no sprint, unha pequena parte do percorrido coincidente sobre todo coa saída (en masa) e meta, comparte espazo cun **carril bici**. Lembrar que, a pesares do pouco uso esperado deste á hora da carreira, os ciclistas teñen prioridade e se debe evitar en todo o posible o uso deste carril.